



Concello de Guitiriz

DECRETO DE NOMEAMENTO DUNHA FUNCIONARIA INTERINA ADMINISTRATIVA DE ADMINISTRACIÓN XERAL AO AMPARO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2021 DO PLAN ÚNICO DE COOPERACION COA DEPUTACIÓN DE LUGO. EXPTE: 36/2021.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- No BOP nº 008 do 12/01/2021 foron publicadas as bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, da Deputación Provincial de Lugo, que comprende o programa B.3 de fomento do emprego entre outros, que vai destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social, e de conformidade coa normativa aplicable e as bases da convocatoria.
- Providencia da alcaldía de data 07/05/2021 pola que se incoa expediente para a selección de persoal temporal a xornada completa ao amparo do programa fomento do emprego 2021 do plan único de cooperación cos concellos da Deputación de Lugo, consistente en: 1 peón como persoal laboral durante 6 meses; 1 conserxe-condutor como persoal laboral durante 6 meses; e 1 funcionario interino administrativo durante 6 meses.
- Informe do Técnico municipal de Medio Ambiente nº2021-90 de data 07/05/2021 sobre a necesidade de contratación de 1 peón e 1 peón-conserxe durante 6 meses, cada un, a xornada completa para o Servizo de Medio Ambiente.
- Borrador de bases que consta no expediente de data 27/05/2021 para a selección, mediante oposición, do persoal laboral e funcionario interino sinalado.
- Informe xurídico de secretaria de data nº2021-101 de 28/05/2021 e o informe de fiscalización e de existencia de crédito de intervención nº2021-121 de data 31/05/2021.
- Acordo da XGL de data 02/06/2021 polo que se aproban as bases reguladoras do proceso de selección de persoal temporal mediante oposición ao amparo do Plan único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación de Lugo. No BOP de Lugo nº 125 do 04/06/2021 foron publicadas integramente as mesmas.
- Decreto nº 2021-537 de data 02/07/2021 polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, outorgando un prazo de reclamacións de 5 días hábiles. Foi publicado un anuncio do mesmo en data 02/07/2021 na web e sede municipal.
- Decreto nº 2021-564 de data 12/07/2021 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos, se designa o tribunal do proceso e se sinala data para a realización dos tres exames. Foi publicado na web e sede electrónica municipal o 12/07/2021.
- Reclamacións presentadas: en data 12/07/2021, co E.R.E. 655; en data 13/07/2021 co E.R.C. 3034, co E.R.C. 3035 e co E.R.E. 660; e en data 14/07/2021 co E.R.C. 3070.
- Informe xurídico de secretaria de data 14/07/2021.
- Decreto nº 2021-572 de data 14/07/2021 polo que estimando as reclamacións presentadas, se modifica a lista de admitidos e excluídos sinalando nova data de celebración de exames.
- Acta do Tribunal nº 1 de data 21/07/2021 relativa aos presentados en cada categoría e pola que se acorda corrixir os exames o 22/07/2021; acta do tribunal nº 2 de data 22/07/2021 de corrección de exames con publicación dos resultados anonimizados; acta do tribunal nº3 de data 02/08/2021 polo que se resollen as

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

alegacións ás notas previas e se outorga un prazo de 3 días para reclamacións fronte as notas da proba de coñecemento de galego; acta do tribunal nº4 de data 05/08/2021 pola que se publican os resultados e cualificación do exame repetido da categoría de peón de servizos múltiples; e acta do tribunal nº5 de data 10/08/2021 pola que se propón á alcaldía a contratación de José Moisés Pena Coto como conserxe condutor e o nomeamento de Lucía Piñeiro Crespo como funcionaria interina administrativa.

- Presentación da documentación para a contratación por Lucía Piñeiro Crespo, en data 11/08/2021 co E.R.E. 774.
- Informe de fiscalización nº 2021-189 de data 12/08/2021.

Considerando o disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; na Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; no Texto refundido do Estatuto dos Traballadores; e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear a dona Lucía Piñeiro Crespo como funcionaria interina administrativa de administración xeral a xornada completa, ao amparo do programa de fomento do emprego 2021 financiados pola Deputación Provincial de Lugo, cunha duración de 9 meses, dende o 13/08/2021 ata o 12/05/2022.

SEGUNDO.- Establecer a seguinte orde de integrantes nas seguintes bolsas de traballo contemplada na base 8º da convocatoria para futuras contratacións:

Nº Orde	Test	Nome
1º	9,5	María Victoria Varela Varela
2º	8,5	Sonia González Lago
3º	8,5	Marta Pernas Quiroga
4º	8,5	Tatiana Otero Casal
5º	8,5	Roberto Losada Vázquez
6º	8	Ana María Montouto Buide
7º	8	Montserrat Bouza Ledo
8º	8	Ángel Valin Bermúdez
9º	7,5	Vanesa Quintela Pedreira
10º	7,5	María Carmen Zolle Yáñez
11º	7,5	Cristina Otero Pereira
12º	7,5	Daniel Docampo Robles
13º	7,5	Elías Blanco Soilán
14º	7	Queila Fernández Díaz
15º	5,5	Laura Varela García
16º	5,5	Tatiana López Casanova

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

TERCEIRO.- As condicións do nomeamento son as descritas na base 2ª da convocatoria, as establecidas nas fichas nº 7 a 9 da RPT do Concello de Guitiriz (*coa actualización do CE fixada polas leis de orzamentos xerais do Estado dos anos posteriores):

- Grupo: C1
- Escala/Subescala: Administración Xeral, Administrativa.
- Formación específica: Non.
- Tipo de posto: Base ou non singularizado
- Nivel de complemento de destino (CD): 18
- Complemento específico (CE): 7.529,90 euros anuais (*actualizado 2019).
- Adscrición: Secretaría-Rexistro.
- Titulación: Estar en posesión do título de Bacharelato Superior, Técnico ou titulación equivalente ou outros superiores. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

As funcións son as sinaladas no artigo 167.2 e 169.1 d) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, como auxilio, trámite e colaboración en tarefas administrativas da unidade á que está adscrito o posto de traballo.

CUARTO.- Notificarlle esta resolución ás persoas interesadas, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O secretario (aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/18)

María Sol Morandeira Morandeira

Pablo Portela Fernández

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3EZXWHQFM9HQ7Y7WJ37ASFA3 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3